



C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE **DATA DO 28/07/2016**

Alcalde – Presidente:

Don Enrique Álvarez Barreiro (PSOE)

Concelleiros asistentes:

Dona Amparo Rodríguez Fernández (PSOE)

Don José Pinto Álvarez (A.V.)

Don Manuel Sánchez Arias (PSOE)

Don Pablo Alberto Deramond Mundaca (PSOE)

Concelleiros que non asisten:

Dona Eva Arias Aira (PSOE)

Don Antonio Fernández Docampo (PSOE)

Dona María Jesusa Candal Jarrín (PP)

Don Santiago Rodríguez Fernández (PP)

Secretario:

Don Raúl Gallego Hernández

En Vilamartín de Valdeorras, sendo as 19:30 horas do día 28 de xullo de 2016, no salón de actos da Casa do Concello, reúnese a corporación municipal a fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Alcalde D. Enrique Álvarez Barreiro, coa asistencia dos concelleiros relacionados ó marxe.

Da fe do acto o Secretario-Interventor do Concello D. Raúl Gallego Hernández.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde-Presidente, trala comprobación polo Secretario do quórum de asistencia necesario para que poida ser iniciada, procédese á deliberación dos asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DO 10/03/2016 E 31/05/2016.

O Sr. Alcalde pregunta ós membros da Corporación se teñen algunha corrección que facer ás devanditas Actas plenarias que fóronlle facilitadas ós Concelleiros/as xunto coa notificación desta sesión.

Non se fai ningunha corrección, aprobándose as mesmas co voto a favor da unanimidade dos presentes.



C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DATA DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2017.

Sometida a ratificación do Pleno de acordo co artigo 82 do R.O.F. a inclusión deste asunto na orde do día, o Pleno por Unanimidade dos membros que asisten á sesión acorda a súa inclusión na orde do día.

Sen mais intervencións, a Corporación por UNANIMIDADE, dos cinco membros que asisten a sesión, dos nove que compoñen a Corporación, adoptou o seguinte acordo

-Vista a competencia do Pleno da Corporación para propor á Xunta de Galicia as dúas festas laborais de carácter local, segundo o artigo 46 do RD 2001/1983.

-Atendendo os costumes e usos propios desta vila no relativo ás súas festas máis sinaladas.

ACORDAMOS:

1º.-Determinar como festas locais do Concello de *Vilamartín de Valdeorras* para o ano 2017, os días:

- 24 de abril, Festividade de San Xurxo.
- 21 de xullo, Festividade da Madalena.

2º.-Dese traslado do presente Acordo ó Servizo de Relacións Laborais da Delegación Provincial da Consellería de Traballo e Benestar.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLA ORGANIZACIÓN DE CURSOS OBRADOIROS PROGRAMAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS SOCIAIS FESTIVAS E CULTURAI POLO CONCELLO DE VILAMARTIN.

Sometida a ratificación do Pleno de acordo co artigo 82 do R.O.F. a inclusión deste asunto na orde do día, o Pleno por Unanimidade dos membros que asisten á sesión acorda a súa inclusión na orde do día.



**C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

**Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268**

A Concelleira D^a Amparo Rodríguez Fernández toma a palabra para explicar a razón desta Ordenanza que regula o prezo público por organización de actividades culturais, deportivas ou lúdicas. Di que se lle quere dar cobertura legal a entrada de diñeiro nas contas municipais e aportar maior transparencia á actividade municipal.

Sen mais intervencións, a Corporación por UNANIMIDADE, dos cinco membros que asisten a sesión, dos nove que compoñen a Corporación, adoptou o seguinte acordo

1º.- APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ORGANIZACIÓN DE CURSOS, OBRADOIROS, PROGRAMAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS, SOCIAIS, FESTIVAS E CULTURAIS POLO CONCELLO DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS.

Artigo 1º. – Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ámbolos dous do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida a este Concello, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, e dentro das competencias recoñecidas ós Concellos, artigos 4 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime Local, establécese o prezo público pola organización de cursos, obradoiros, programas e actividades deportivas, sociais, festivas e culturais que se rexerán pola presente Ordenanza.

Artigo 2º.- Obxecto.

Constitúen o obxecto do prezo público que se está a regular a asistencia a cursos e obradoiros e a participación en actividades e programas (comprendendo entre outras excursións, cursos e actividades deportivas, visitas a centros ou institucións de interese cultural ou medioambiental, viaxes, comidas convivenciais ou actuacións musicais) que sexan aprobados como tales pola Alcaldía ou Xunta de Goberno Local e organizadas polo Concello de Vilamartín de Valdeorras) dentro do ámbito das súas competencias.

Artigo 3º.- Obrigados ó pago.

Estarán obrigados ó pago do prezo público regulado na presente Ordenanza, os solicitantes do servizo, se son maiores de idade ou menores emancipados e, noutro caso, os pais ou representantes legais.



C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268

Artigo 4º.- Contía.

A contía do prezo público deberá cubrir como mínimo o custo da actividade realizada. Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberase consignar nos orzamentos do Concello as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante que houbera.

Conforme ó previsto no artigo 47 do Real Decreto Legislativo 2/2004 e o artigo 23.2.b) da Lei 7/1985, delégase na Alcaldía ou Xunta de Goberno Local o establecemento individualizado e exacto e, no seu caso a periodicidade do devengo, do prezo público de cada un dos cursos, obradoiros, programas ou actividades que se pretenda realizar, á vista das propostas debidamente formuladas polos departamentos correspondentes que necesariamente deberán incluír o informe do responsable do departamento no que se faga constar o custo real do curso, obradoiro, programa ou actividade a realizar debidamente detallado e desglosado. No importe das tarifas entenderase incluído o IVE que, no seu caso, proceda aboar.

Artigo 5º.- Xestión e cobro.

A obrigação de pago do prezo público regulado nesta Ordenanza, nace desde que se realiza a solicitude ou inscrición nos cursos, obradoiros, actividades e programas.

Unicamente se considerará anulada unha inscrición ou matrícula, e polo tanto procederáse á devolución do prezo público:

- Por anulación do curso, obradoiro, programa ou actividade por causa imputable á Administración.
- Cando o interesado notifique por escrito ó Concello a anulación da súa inscrición con anterioridade o remate do prazo establecido para a inscrición na correspondente actividade no acordo de aprobación da mesma.

O pago efectuarase da seguinte forma:

1. Como regra xeral, cando se trate de actividades de devengo único, o pago do prezo público efectuarase ó formular a solicitude ou inscrición nas entidades bancarias colaboradoras establecidas ó efecto, ou no Concello. Xunto coa presentación da solicitude acreditarase ter aboado a autoliquidación comprensiva do importe total a pagar por inscrición.
2. Cando se trate de servizos de devengo periódico, unha vez aboada a autoliquidación correspondente á primeira cota,



C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268

confeccionaranse as correspondentes listas cobratorias pola área de xestión tributaria ou entidade coa que se concerte este servizo sobre a base do informe do responsable da actividade no que se fará constar:

- Identificación da actividade que se trata.
 - Nome, apelidos e N.I.F. do participante ou, no caso de menores, do pai/nai ou representante legal obrigado ó pago.
 - Importe da cota con copia do acordo da Alcaldía ou Xunta de Goberno Local que a estableza.
 - Relación das altas, baixas ou variacións que se produzan en cada período de devengo.
3. O cobro do prezo público de devengo periódico regulado nesta Ordenanza efectuarase mediante recibo estendido polo Concello dentro dos quince primeiros días de cada período, establecéndose como norma xeral a domiciliación bancaria.
 4. As débedas por cotas devengadas e non satisfeitas nos prazos establecidos recadaranse conforme os procedementos xerais do Regulamento Xeral de Recadación e disposicións concordantes.
 5. A Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local poderá acordar, a proposta do departamento responsable de cada actividade, a expulsión do usuario do servizo no caso de impago de dúas cotas así como no suposto de reincidencia no impago das mesmas.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza entrará en vigor e será de aplicación a partir do día seguinte a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia manténdose en vigor en tanto non sexa derogada ou modificada expresamente.

2º.- Delegar o establecemento ou modificación da contía de dito prezo público na Alcaldía ou na Xunta de Goberno Local, conforme o artigo 23.2 b) da lei 7/85.

3º.- A apertura do preceptivo período de información pública mediante inserción de anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Os interesados disporán dun prazo de 30 días a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP, para examina-lo expediente na Secretaría do Concello e realiza-las reclamacións que estimen oportunas.

4º.-Caso de presentarse reclamacións en prazo, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación, procedendo, no seu caso, a aprobación do Acordo definitivo.



C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268

5º.-Caso de non presentarse reclamacións en prazo, este Acordo, ata entón provisional, quedará elevado a definitivo.

6º.-O Acordo definitivo, co texto completo da modificación, será publicado no BOP a efectos da súa entrada en vigor ó día seguinte.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VILAMARTIN DE VALDEORRAS.

Sometida a ratificación do Pleno de acordo co artigo 82 do R.O.F. a inclusión deste asunto na orde do día, o Pleno por Unanimidade dos membros que asisten á sesión acorda a súa inclusión na orde do día.

A Concelleira D^a Amparo Rodríguez Fernández toma a palabra para explicar este punto do orde do día. Di que xa na outra época na que estiveramos na alcaldía iniciamos este tema. Agora queremos retomalo e para iso temos que modificar e adaptar o noso regulamento da agrupación de voluntarios de protección civil. Vai a ser un voluntariado municipal.

Sen mais intervencións, a Corporación por UNANIMIDADE, dos cinco membros que asisten a sesión, dos nove que compoñen a Corporación, adoptou o seguinte acordo

-Vista que é preciso modificar o Regulamento de Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vilamartín de Valdeorras, para adáptalo as última novidades legislativas.

-Visto o preceptuado nos artigos 49, 84 e 139 e seguintes da Lei 7/85.

-Vista a competencia do Pleno da Corporación segundo o preceptuado no artigo 22.2.f) da Lei 7/85.

ACORDAMOS:

1º.-A aprobación inicial da modificación do Regulamento de Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vilamartín de Valdeorras.

2º.-A apertura do preceptivo período de información pública mediante inserción de anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Os interesados disporán dun prazo de 30 días a contar dende



C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268

o seguinte á publicación do anuncio no BOP, para examina-lo expediente na Secretaría do Concello e realiza-las reclamacións que estimen oportunas.

3º.-Caso de presentarse reclamacións en prazo, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación, procedendo, no seu caso, a aprobación do Acordo definitivo.

4º.-Caso de non presentarse reclamacións en prazo, este Acordo, ata entón provisional, quedará elevado a definitivo.

5º.-O Acordo definitivo, co texto completo da Ordenanza, será publicado no BOP a efectos da súa entrada en vigor ó día seguinte.

5.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS. (EXP. 2/2016)

Sometida a ratificación do Pleno de acordo co artigo 82 do R.O.F. a inclusión deste asunto na orde do día, o Pleno por Unanimidade dos membros que asisten á sesión acorda a súa inclusión na orde do día.

Toma a palabra o Concelleiro Dº pablo Deramond Mundaca, di que xa hai varios plenos que falamos deste asunto. As facturas estiveron baixo investigación ata agora que se decide recoñecelas neste pleno de maneira extraxudicial. O caso das facturas de ISNOR non se presentaron ata este ano polo que hai que aprobalas e pagalas.

As facturas de Alquimac, por realización de obras e limpeza. Estivo o técnico valorando ditas obras e limpeza. Algunhas destas valoracións foi mais fácil que outras e reducimos o seu importe dunha maneira importante despois de chegar a un acordo co contratista. Quedan pendente unha cantidade de 9.000 euros que non foron recoñecidas pola anterior alcaldía, e supoñlo que irán o xulgado. Trátase de obras realizadas por unha subcontrata dun concelleiro da corporación e polo tanto un caso de incompatibilidade clarísimo. Pagamos todo o que é verdade pero non o que creemos que é inxusto e ilegal.

Sen mais intervencións, a Corporación por UNANIMIDADE, dos cinco membros que asisten a sesión, dos nove que compoñen a Corporación, adoptou o seguinte acordo

Ante a a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos pola existencia de facturas de varios provedores correspondentes o exercicio anterior, unha vez pechado o exercicio do 2015.



**C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

**Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268**

Visto o informe de Intervención de data 18 de xullo de 2016, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o foron naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación, e que neste caso concreto é posible a súa realización.

Visto o informe de secretaría-intervención de 18 de xullo de 2016.

En atención ao exposto, **ACORDAMOS:**

PRIMEIRO. Levantar o reparo formulado pola Secretaría Intervención, xa que as obras e os subministros foron realizados e non pagalos produciría un grave perxuízo para os contratistas.

SEGUNDO. Aprobar o recoñecemento dos créditos polo importe de 80.626,03 Euros, correspondentes ao exercicio anterior que se relacionan no expediente.

FERRALLAS ARNAVECA: 9.487,89 € (partida 16.221)

ISNOR, S.A.: 2.984,16 €. (partida: 15.227)

ALQUIMAC: 68.153,98 €. (partida: 15.210 e 16.221)

TERCEIRO. Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2016, os correspondentes créditos, con cargo ás partidas 15.210, 15.227 e 16.221.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO DE COOPERACION CA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACION DE ASISTENCIA TECNICA EN MATERIA DE XESTION DE CONCESIONS DEMANIAIS DE ABASTECIMENTO DE AUGA.

Sometida a ratificación do Pleno de acordo co artigo 82 do R.O.F. a inclusión deste asunto na orde do día, o Pleno por Unanimidade dos membros que asisten á sesión acorda a súa inclusión na orde do día.

O Sr. Alcalde toma a palabra e di;

"A subministración de auga potable, é dicir, apta para o consumo e segura, é un dos primeiros deberes das administracións públicas, e concretamente dos concellos dentro do campo da saúde pública.



**C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

**Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268**

O obxectivo principal dun sistema de abastecemento é conseguir unha auga apta que cumprindo cos requisitos mínimos de calidade exixidos pola normativa vixente satisfaga as necesidades dos consumidores, tanto en calidade como en cantidade, nos diferentes puntos do sistema.

A calidade da auga queda garantida mediante o control dunha serie de parámetros físicos, químicos, microbiolóxicos e radioactivos definidos no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro. O mantemento desta calidade engloba dende as accións para a protección da auga no punto de captación ata a billa do consumidor.

O Concello de Vilamartín de Valdeorras, con data 23 de abril de 2016 emitiu un bando con obxecto de afrontar o tema da legalización da captación, control, mantemento e distribución da auga para consumo humano dos núcleos rurais, emprazando aos veciños e á vez usuarios, que estean a utilizar a auga das captacións non legalizadas, a decidir o sistema de xestión que desexan para o seu núcleo. Dando un prazo de 60 días para a resposta o cal finalizó hace mais de un mes.

Moitos nucleos requirieron a nosa presenza para explicar os detalles destes procesos, así Córsgomo, Portela y Baxeles comunicaron a súa intención de levar eles a cabo a legalización control, mantemento e distribución da auga para consumo humano.

San Miguel de outeiro, Cernego, San Vicente de leira e Penouta comunicaron a súa intención de deixar ao concello este labor. Valencia do Sil, Arnado e Robledo non comunicaron nada, nun sentido ou noutro. E Tal como indicouse no Bando antes mencionado: "A falta de resposta outorgará ao concello o dereito para actuar legalizando e regularizando as captacións, encargándose definitivamente do control, mantemento e distribución da auga potable facendo respectar as ordenanzas do Concello".

Polo que esta corporación pretende iniciar as legalizacións das captacións que faltan, co obxecto de poder ofrecer aos nosos veciños auga en condicións de potabilidade.

Para iso en base ó acordo adoptado o 27 de Marzo do 2015, onde se aproba o convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e as entidades locais da provincia, para a prestación de asistencia técnica en materia de xestión de concesións de abastecementos de auga potable, se presenta diante do pleno desta corporación."



**C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

**Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268**

Sen mais intervencións, a Corporación por UNANIMIDADE, dos cinco membros que asisten a sesión, dos nove que compoñen a Corporación, adoptou o seguinte acordo

- Visto o evidente interese municipal para a adhesión do Concello de Vilamartín de Valdeorras ó Convenio ca Deputación Provincial de Ourense para a prestación de asistencia técnica en materia de xestión de concesións demaniais de abastecemento de auga potable.
- Visto o evidente interese municipal na sinatura e aprobación do devandito convenio de cooperación.
- Vistas as competencias desta Pleno segundo o disposto na Lei 7/85 e demais normativa aplicable,

ACORDAMOS:

PRIMEIRO.- Aproba-la adhesión do Concello de Vilamartín de Valdeorras ó Convenio ca Deputación Provincial de Ourense para a prestación de asistencia técnica en materia de xestión de concesións demaniais de abastecemento de auga potable.

SEGUNDO.- Nomear como representante do Concello de Vilamartín de Valdeorras ó Alcalde Presidente Dº Enrique Álvarez Barreiro ou concelleiro no que delegue como representante na Comisión de seguimento que establece a Cláusula Quinta do Convenio.

TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde para a sinatura do devandito Convenio e a realización de cantos actos sexan precisos para a plasmación efectiva do presente Acordo.

7.- MOCION DO GRUPO POLITICO MUNICIPAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS RELATIVA Ó ARRANXO DUN ARCÉN.

Sometida a ratificación do Pleno de acordo co artigo 82 do R.O.F. a inclusión deste asunto na orde do día, o Pleno por Unanimidade dos membros que asisten á sesión acorda a súa inclusión na orde do día.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro Dº José Pinto Álvarez. Di que na N-536 dende San Miguel indo cara a Rúa hai un problema xa que non hai arcén é supón un problema para os viandantes e peregrinos que circulan poa estrada. Deberíamos buscar afinanciación e axudas precisas para que se circule con seguridade tanto os vehículos como as personas. Deberíase ensanchar ese tramo.



C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268

O Sr. Alcalde di que para nos esa estrada e unha lousa moi grande xa que e moi caro o seu mantemento. Teño que indicar que ca alcaldesa da Rúa tivemos reunións para facerlle unha consulta os propietarios do tramo de estrada para ver que se podía facer. Nos podemos facelo can osa brigada pero estamos a espera que a Rúa o faga no seu tramo. Di o Concelleiro D^o Jose Pinto que é positivo que os concellos se impliquen e se faga esa consulta a Fomento.

O Concelliro D^o Pablo Deramond Mundaca, di que estas mocións si que aportan e o felicito por iso. Ca súa importancia no Partido Popular rógolle que faga as xestións oportunas para solucionar este tema. O Concelleiro D^o José Pinto Álvarez di que eu quero aportar eu podo facer xestións, eu marchei do P.P. e agora estou aquí. Se algún día volvo farei o mesmo, unha labor constructiva como oposición.

Nos situamos en la 536, en el puente elevado de la carretera N120 a la salida de San Miguel. Y por otra parte en la entrada campo de San Roque, de A Rúa.

Dada la dificultad que tienen los peatones para hacer este trayecto, por carecer de arcén y con una afluencia de peatones y ciclistas, en especial el fin de semana, y aprovechando el paso del camino de invierno por ese tramo y el peligro que conlleva para los peregrinos.

Que esta Alcaldía haga las gestiones necesarias para hacer un arcén lo suficientemente ancho para transitar sin dificultades. Teniendo en cuenta el camino de invierno se sobreentiende que se podrá financiar desde alguna administración, perteneciendo la mayor parte del tramo a Fomento.

O Pleno por unanimidade adoptou o acordo de realizar todas as xestións para realizaresto arranxo en colaboración cas demais administración implicadas.

8.- MOCIÓN DO GRUPO POLITICO MUNICIPAL DO P.S DE G. P.S.O.E. RELATIVA Á ADHESIÓN A REDE ESPAÑOLA DE CONCELLOS DE ACOLLIDA DE REFUXIADOS.

Sometida a ratificación do Pleno de acordo co artigo 82 do R.O.F. a inclusión deste asunto na orde do día, o Pleno por Unanimidade dos membros que asisten á sesión acorda a súa inclusión na orde do día.



**C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8

Tf. 988300001

Fax 988300268

Sen mais intervencións, a Corporación por UNANIMIDADE, dos cinco membros que asisten a sesión, dos nove que compoñen a Corporación, adoptou o seguinte acordo.

Este Grupo Municipal cree interpretar el sentimiento de solidaridad y compromiso de los vecinos de nuestro ayuntamiento con los refugiados Sirios Eritreos y de otros países Africanos, personas inocentes que solo pretenden huir de la muerte y la miseria.

Desde la muerte de 368 personas en octubre de 2013 en Lampedusa, parecía que la comunidad Europea se había propuesto poner en marcha soluciones para que esto no se repitiera nunca mas. Pero el tiempo ha pasado y no hace falta que diga aquí la nefasta gestión que está haciendo de este problema. Algunos ayuntamientos llenos de vergüenza hemos retirado la bandera comunitaria de nuestros ayuntamientos.

Nuestro gobierno se comprometió a acoger 16.231 de los más de 4 millones que mal viven en campos del sur de Europa y norte de África. y como bien sabéis recién están empezando a llegar con cuentagotas.

Sin duda el problema es complejo, no existen fórmulas sencillas y se requieren actuaciones conjuntas para mitigar este gran problema humanitario.

Somos un pueblo solidario. Y aún está viva en nuestra memoria la solidaridad que otros mostraron con miles y miles de compatriotas que tuvieron que huir de España por la guerra.

No podemos dar la espalda hoy a quienes lo necesitan, no podemos cerrar los ojos y dejar que la historia mañana nos cierre la boca.

Esta no será la única propuesta, ni la única actuación que podamos ofrecer con nuestra modesta ayuda.

Por lo que este grupo Municipal de Vilamartín de Valdeorras invita a todos los grupos políticos a sumarse a esta iniciativa y presenta esta MOCIÓN.

ACORDAMOS:

El ayuntamiento de Vilamartín de Valdeorras solicita adherirse a la RED ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS DE ACOGIDA A REFUGIADOS creada por la



C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268

FEMP el 31 de Mayo de este año comprometiéndose a crear dispositivos de acogida e invitando a todos sus vecinos a sumarse, implicarse y colaborar en la medida de sus posibilidades en la atención y ayuda a los refugiados.

9.-DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDIA.

Dase conta dos seguintes Decretos ditados pola Alcaldía desde a última sesión plenaria ata a data de convocatoria do Pleno: 47 decretos entre las fechas 28-05-2016 al 20-07-2016. Que non se publican porque puidesen ter informacions que vulneren a lei de protección de datos, pero que se atopan a disposición no concello.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra o Sr. Pinto, de A.V., decindo que cando unha empresa veña a facer algunha obra nas vías municipais, se ten que repoñer o firme que o faga no mesmo material que tiña. Se era aglomerado que sexa este e non cemento.

Segue a preguntar sobre a limpeza viaria. Na zona do Bañadoiro antes de Valencia. Di o Sr. Alcalde que primeiro hai que limpar os camiños. Esa zona non está no contrato das piscinas. Di o Sr. Concelleiro que esa limpeza debería facela a Confederación. O Alcalde di que se esperamos por Confederación ao mellor non se fai ata dentro de 7 anos. Decidimos limpar o río con voluntarios e saíunos moi barato. A xente deste pobo cando se lle pide colaborar sempre está ahí. O Concelleiro Dº José Pinto di que no río Leira hai un embudo. O Alcalde di que xa non hai este problema, os técnicos dixeron que xa non se podía afondar mais.

Segue a preguntar o Concelleiro, sobre a Festa da Madalena, no se fixo nada. A Srª. Concelleira Dª Amparo Rodríguez Fernández di que a xente da Asociación Vía Nova iba a realizar a festa. Non fixeron nada e non tivemos tempo a reaccionar para organizar algo. O Sr. Concelleiro Dº José Pinto di que a xente pensaba que se iba a facer festa. O Sr. Alcalde di que a ningún veciño lle dixo nada nin reclamou nada.

O Sr. Concelleiro Dº José Pinto pregunta pola subvencion da Coral. O Sr.



**C O N C E L L O
D E
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

**Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268**

Concelleiro D^o Pablo Deramond Mundaca, di que teñen que constituirse como asociación e así poder recibir subvencións por parte do Concello. Ademais pagámoslle cada mes a persona que os dirixe. Eles saben que teñen que constituirse e así recibir os 500 €. Eles están a recibir mais que ningunha outra asociación constituída legalmente neste Concello.

O Sr. Concelleiro D^o José Pinto pregunta polas cotas do Vilaverán, que son caras. A Sr^a Concelleira D^a Amparo Rodríguez Fernández resposta que son 40 € para os de aquí e 80 € para os de fora. Son cotas simbólicas. Son profesoras e unha voluntaria as personas que atenden o Vilaverán. O Concelleiro di que deberíase buscar algunha subvención para que saise mais barato. Di o Sr. Alcalde que se intentará no futuro as axudas para que salga mais barato.

Por último o Sr. Pinto pregunta pola estrada de San Vicente. O Sr. Alcalde di que a solución da Deputación é a que marcan os técnicos, retirar todo o escombros e encher a vagoada. Temos que tratar que non se pare nada e que se solucionen o mais axiña posible. O Sr. Concelleiro di que non fai falla unha obra farónica. O Sr. Alcalde di que ata que non se chegue a sanear a zona non se producirá unha solución definitiva, hai que chegar a roca.

Seguidamente, ó non haber máis asuntos a tratar, D. Enrique Alvarez Barreiro, Alcalde-Presidente, dá por rematada a sesión ás 20:16 horas, do que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO-INTERVENTOR

Asdo.: Enrique Álvarez Barreiro

Asdo.: Raúl Gallego Hernández